

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 12 DE ABRIL DE 1995.

Na Casa do 1ltmo. Concello de Ribadaiva o día doce de Abril de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebra-la sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO ABASTECIMIENTO A PARQUE EMPRESARIAL EN SAN CRISTOVO.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- aproba-lo proxecto técnico da obra ABASTECIMIENTO A PARQUE EMPRESARIAL EN SAN CRISTOVO, do Plano Operativo Local 1995, nº 53, redactado polo Arquitecto Luis Garayzábal Enjuto, e polo Enxeñeiro de Camiños Salomón Hassan Benasayg, con orzamento total de contrata de 13.000.000 pesetas, e aportación municipal de 4.550.000 pesetas; SEGUNDO.- conforme ós acordos adoptados, este Concello comprométese en firme ante a Deputación Provincial de Ourense, á mencionada aportación municipal, autorizándose á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia para reter, a pedimento da Presidencia da Deputación Provincial, as cantidades liquidadas a favor deste Concello por calquera concepto, que se perciban a través dos expresados organismos, e ingresalas na Deputación para saldar, no seu caso, as aportacións municipais non satisfeitas, por certificacións de obra expedidas, unha vez transcorridos os prazos regulamentarios. TERCEIRO.- Tendo en conta os acordos adoptados, este Concello comprométese a pór a disposición do contratista, os terreos e bens afectados polas obras, segundo resulta do proxecto técnico, entendéndose que este compromiso é firme desde o momento de formalizarse as actas de planeamento, a partir deste trámite o Concello autoriza expresamente a ocupación dos bens, e en consecuencia é o

responsable, no seu caso, dos danos e perdas que con tal ocupación poidan producirse, e comprométese a xestionar toda clase de concesións ou autorizacións administrativas necesarias para a execución de obras.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece un escrito desta Alcaldía que contén alegacións a petición formulada por Don Demetrio Gómez García ante a Confederación Hidrográfica, para aproveitamento de 2,51 l/s de auga procedente de dous (2) manantiais en monte comunal de Santa Marta, Santa Cristina e San Paio, término municipal de Ribadavia (Ourense), con destino a usos domésticos e regadío de 5 Ha. (Expediente E-A/32/04256), acordando por unanimidade, a remisión do devandito escrito á Confederación Hidrográfica.

3.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la certificación da obra de remodelación da Escola de Francelos, por un importe de 3.453.734 pesetas.

E sendo as doce e media da mañá, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-